

***BOLETUS PERSONII* Bon, UNHA ESPECIE RARA EN GALICIA**

por
A. PAZ*

Resumo

Describe o taxon *Boletus personii* Bon, unha especie rara en Galicia e na Península Ibérica, recolectada na Serra do Faro (Chantada, Lugo), non citada anteriormente en Galicia.

Palabras clave: Basidiomycota, Boletaceae, *Boletus*, taxonomía, Península Ibérica, Galicia.

Summary

Boletus personii Bon, a rare specie in the Iberian Peninsula, is described here. The material was collected in Serra do Faro (Chantada, Lugo). This taxon wasn't mentioned before for Galicia.

Keywords: Basidiomycota, Boletaceae, *Boletus*, taxonomy, Iberian Peninsula, Galicia.

INTRODUCCIÓN

Ó xénero *Boletus* L.: Fr., é amplamente citado e coñecido na micoflora galega, especialmente a sección *Edulis*, na que está encadrada *B. personii* Bon (COURTECUISSÉ, 1994; GALLI, 2000). Trátase dun taxon ben individualizado (G. Redeuilh, com. pers.) que non se confunde con simples formas máis ou menos decoloradas (sobre todo xóvenes) de *B. edulis* Bull.: Fr.

Ó igual que as demais especies do grupo presenta, por un lado, características semellantes: poros brancos de xoven, amarelo-oliváceo cando están máis maduros e carne inmutable, de cor branca, e por outro, ben diferenciable: cores variables no sombreiro nas distintas especies (*B. edulis* Bull.: Fr., *B. pinophilus* Pilát & Dermek, *B. aereus* Bull.: Fr., *B. aestivalis* (Paulet) Fr., etc.).

* Agrupación Micolóxica "Cogumelo". Leonardo Rodríguez, 20. 27500 - Chantada (Lugo).
e-mail: pazvaz@terra.es

DESCRIPCIÓN DA ESPECIE

***Boletus persoonii* Bon**

= *Tubiporus albus* Paulet; *Boletus edulis* var. *albus* (Pers.) J.-E. Gilbert

Material estudiado: LUGO: Chantada, Serra do Faro, baixo *Pinus pinaster*, 3-novembro-2001, leg. e det. A. Paz, LOU-Fungi 17301

Caracteres macroscópicos: Píleo de hemisférico a aplanado, ata 24 cm. de diámetro, cutícula lisa e de cor branca uniforme; tubos de cor branca nun exemplar xoven, e oliváceo nos outros exemplares máis maduros. Estipe macizo, cilíndrico, de 10-30 x 4-6 cm, sinuoso nos tres exemplares, de cor branca e con un fino retículo na parte superior; carne branca, inmutable ó corte.

Caracteres microscópicos: Esporas fusiformes, de 15-20 x 5-8 μm , de cor amarela-olivácea, máis anchas que no resto da sección *Edulis* que non

alcanzan as 7 μm (MOSER, 1980; GALLI, 2000; ALESSIO, 1985). Basidios claviformes, tetraspóricos, de 20-30 x 7-10 μm .

AGRADECEMENTOS

A Guy Redeuilh pola información aportada e a Marisa Castro pola revisión do traballo.

BIBLIOGRAFÍA

- ALESSIO, C.L. 1985. *Boletus* Dill. ex L. s. lato. Fungi Europaei. Libreria Editrice Biella Giovanna. Saronno
- COURTECUISE, R. 1994. *Les Champignons de France*. Eelectis. Paris
- GALLI, R. 2000. *I Boleti*. Edinatura. Milano
- MOSER, M. 1980. *Guida alla determinazione dei funghi: Polyporales, Boletales, Agaricales, Russulales*. Arti Grafiche Saturnia. Trento.